

Segundo.-Publicar, como anexo a esta resolución e de conformidade co disposto na base II.2.1 da convocatoria, a relación de aspirantes cuxos méritos foron tidos en conta para a baremación definitiva da fase de concurso, con indicación da puntuación obtida por cada un deles.

Terceiro.-Declarar, de conformidade co disposto na base II.2.1 da convocatoria, que ao resto de aspirantes que superaron a fase de oposición e non se inclúen no anexo a esta resolución lles corresponde unha valoración de cero (0,00) puntos na baremación definitiva da fase de concurso.

Contra esta resolución, e de conformidade co establecido na base II.2.3 da convocatoria, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 29 de maio de 2008.

Pablo Nimo Ríos
Presidente do tribunal

ANEXO

Relación de aspirantes cuxos méritos foron tidos en conta para a baremación definitiva da fase de concurso do proceso selectivo para o ingreso no corpo subalterno da Xunta de Galicia (grupo E)

DNI	Apelidos e nome	Base II.2.1.a)	Base II.2.1.b)	Puntuación total
33287979X	Abraldes Castro, María Rosario	3,32	0,00	3,32
77595504J	Bello Amor, Lilibiana	0,16	0,00	0,16
35469312T	Campos Villaverde, Natalia	0,80	0,00	0,80
33304472N	Castro Arias, María Carmen	0,04	0,00	0,04
32760447Y	Corona Aristu, José Ramón	4,00	0,00	4,00
76713113V	Domínguez Dacal, María Carmen	3,64	0,00	3,64
36072974G	Fernández Figueroa, María Paz	2,64	0,00	2,64
76573235W	García Barreiro, Ana Belén	0,92	0,00	0,92
76368936N	García Moreira, José María	0,04	0,00	0,04
33306777V	García Rodríguez, Juan Carlos	4,00	0,00	4,00
33321167D	García Toirán, Isabel	0,20	0,00	0,20
33329980J	Ginzo García, José Manuel	0,60	0,00	0,60
33272264G	Gómez Argiz, María José	2,88	0,00	2,88
52483292Y	González Penas, José Ramón	3,04	0,00	3,04
33333901R	Grandío Castiñeira, Enrique	0,04	0,00	0,04
46898638M	Iglesias Ferreiro, Vanessa	0,12	0,00	0,12
33292859Z	López López, Cristina	0,04	0,00	0,04
33315259N	López Rodríguez, Isabel	2,76	0,00	2,76
34892169L	Luengos García, María Sabela	1,04	0,00	1,04
35317828V	Macías García, Francisco	2,08	0,00	2,08
33290625B	Martínez Otero, Juana	0,68	0,00	0,68
35471724C	Oti Cabanelas, José Emilio	0,08	0,00	0,08
32788720N	Pazos Plaza, María Dolores	0,04	0,00	0,04
44815495H	Peiteado Varela, Eva María	0,12	0,00	0,12
36124334M	Pérez Otero, Jesús Francisco	0,24	0,00	0,24
36059853Q	Pérez Vázquez, Patricia Jesús	0,12	0,00	0,12
32648047F	Pico González, Josefa	0,08	0,00	0,08
73241954H	Portabales Blanco, Carolina	0,16	0,00	0,16
32412697Q	Puentes Ramos, José María	2,20	0,00	2,20
33278015M	Ramos Castro, Dorinda	2,56	0,00	2,56
35314220C	Sotelo Portela, África	2,76	0,00	2,76
53161493Y	Souto Ferreiro, Sandra	3,20	0,00	3,20
32691240Y	Souto López, Fátima	0,12	0,00	0,12
44808057D	Suárez Dopazo, Yolanda	0,04	0,00	0,04
33292366G	Tobío Fernández, Fernando	0,04	0,00	0,04
33275931Z	Torres Chedas, María Jesús	0,12	0,00	0,12
76368660N	Vázquez Lendoiro, Martín	2,68	0,00	2,68
32654674X	Vilela Castro, María José	0,04	0,00	0,04
44807459D	Villaverde Vázquez, María del Carmen	0,04	0,00	0,04
35566411Q	Viñas Diz, Lucía	0,84	0,00	0,84
35565710M	Viñas Diz, Rosario	0,92	0,00	0,92

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Resolución do 30 de abril de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se procede a nomear e facer pública a composición dos tribunais que xulgarán o procedemento de acceso aos corpos de catedráticos de ensino secundario, de artes plásticas e deseño e de escolas oficiais de idiomas convocados pola Orde do 10 de novembro de 2007 (Diario Oficial de Galicia do 15 de novembro).

Advertidos erros na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 94, do venres 16 de maio de 2008, é necesario efectuar as seguintes modificacións:

Nas páxina 8.927 e 8.928, onde di:

«Tribunal Nº 3: Especialidades que avalía:

Matemáticas, física e química, bioloxía, debuxo, educación física, tecnoloxía, economía»

«Tribunal Nº 4: Especialidades que avalía:

Administración empresas, formación e orientación laboral, construcións civís e edificacións, informática»

«Tribunal Nº 5: Especialidades que avalía:

Asesoría e procesos de imaxe persoal, procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos, sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e automáticos»

«Corpo 592: Profesores de escolas oficiais de idiomas,

«Tribunal Nº 1: Especialidades que avalía:

Alemán, francés, galego, inglés»

«Corpo 595: Profesores de artes plásticas e deseño

«Tribunal Nº 1: Especialidades que avalía:

Debuxo artístico e cor, debuxo técnico, historia da arte, volume».

Debe dicir:

«Tribunal Nº 3: Especialidades que avalía:

Matemáticas, física e química, bioloxía, debuxo, educación física, tecnoloxía, economía, análise e química industrial»

«Tribunal Nº 4: Especialidades que avalía:

Administración empresas, formación e orientación laboral, construcións civís e edificacións, informática, hostalaría e turismo, intervención sociocomunitaria, organización e xestión comercial»

«Tribunal Nº 5: Especialidades que avalía:

Asesoría e procesos de imaxe persoal, procesos diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos, sistemas electrónicos, sistemas electrotécnicos e auto-

máticos, navegación e instalacións mariñas, organización e proc. de mantemento de vehículos, organización e proxectos de fabricación mecánica, procesos sanitarios, procesos e medios de comunicación, procesos e produtos en madeira e moble.»

«Corpo 592: Profesores de escolas oficiais de idiomas,

«Tribunal Nº 1: Especialidades que avalía:

Alemán, francés, galego, inglés, italiano, portugués, ruso»

«Corpo 595: Profesores de artes plásticas e deseño

«Tribunal Nº 1: Especialidades que avalía:

Debuxo artístico e cor, debuxo técnico, historia da arte, volume, deseño gráfico, materiais e tecnoloxía: deseño».

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO UN DE LUGO

Edicto (836/2007).

Rafael González Alió, secretario do Xulgado do Social número un dos de Lugo, dou fe e testemuño que nos autos de xuízo número 836/2007, seguidos por instancia de Ángel Fernández Fernández contra a empresa *Embarcaciones P.C.G., S.L.*, sobre despedimento, ditouse a sentenza cun encabezamento e parte dispositiva que di:

«Sentenza nº 164. Lugo, 8 de maio de 2008.

Vistos por Fernando Fernández Olmedo, maxistrado-xuízo do Xulgado do Social número un dos de Lugo, estes autos de xuízo verbal número 836/2007, sobre reclamación por despedimento, en que son partes, como demandante, Ángel Fernández Fernández, representado polo letrado Juan Carlos Vilariño Monterroso e, como parte demandada, o Fondo de Garantía Salarial (Fogasa). Non compareceu a empresa demandada *Embarcaciones P.C.G., S.L.*, malia estar citada en legal forma.

Decido que, estimando a demanda formulada por Ángel Fernández Fernández contra a empresa *Embarcaciones P.C.G., S.L.*, debo condenar e condeno a

empresa demandada a lle aboar ao demandante a cantidade de 7.571,2 euros, á que lle será de aplicación unha recarga por mora do 10% anual. Todo isto sen prexuízo da responsabilidade que lle corresponda asumir ao Fondo de Garantía Salarial dentro dos límites legais.

Notifíquelles esta sentenza ás partes, coa advertencia de que, contra ela, cabe interpor recurso de suplicación para ante a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na Coruña, dentro dos cinco días seguintes ao da súa notificación, por conduto deste Xulgado do Social, logo do depósito das cantidades obxecto de condena, e cos requisitos exixidos no artigo 189 e seguintes do texto refundido da Lei de procedemento laboral e, en especial, o disposto no artigo 228 do citado corpo legal, consistente en que será indispensable que o recorrente que non gozase do beneficio de xustiza gratuíta acredite, ao anunciar o recurso de suplicación, ter consignado na conta de depósitos e consignacións, nº 0030 2322 0000 61 0836 07, que este Xulgado do Social ten aberta na entidade *Banesto*, sucursal da rúa San Marcos, nº 3, 27001 desta cidade, a cantidade obxecto da condena. Poderá substituírse a consignación en metálico polo aseguramento mediante aval bancario, en que deberá facerse constar a responsabilidade solidaria do avalista. O xustificante de consignación en metálico ou, de ser o caso, o documento de aseguramento, nos cales deberá constar o número de procedemento, quedará baixo a custodia do secretario, que expedirá testemuño destes para a súa unión aos autos, facilitando o oportuno recibo, máis o depósito de 150,25 euros previsto para esta clase de recursos, que deberá constituírse na mesma conta nº 0030 2322 0000 65 0836 07 da entidade *Banesto*, que para o efecto e baixo a denominación de recurso de suplicación existe, e deberán entregarse os xustificantes na Secretaría deste xulgado ao tempo de interpor o recurso, no caso de ser a empresa demandada condenada a que o interpuxese, de conformidade co disposto no artigo 227 do referido texto legal.

Así, por esta miña sentenza, da que se unirá testemuño literal aos autos orixinais, pronúncioo, mándoo e asínoo. Fernando Fernández Olmedo. Rubricado.

Publicación.-A anterior sentenza foi lida e publicada polo maxistrado que a subscribe, que estaba celebrando audiencia pública no día da súa data, do que eu, secretario, certifico. Rafael González Alió. Rubricado».

Concorda ben e fielmente co orixinal, e para que sirva de notificación en forma á empresa *Embarcaciones P.C.G., S.L.*, en ignorado paradorio, expido e asino este edicto para a súa inserción no *Diario Oficial de Galicia*, en Lugo o oito de maio de dous mil oito.

O secretario
Rubricado